

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL CELEBRADA O DÍA 16 DE XUÑO DE 2007.

Asistentes:

D. José Iván Puentes Rivera.
D. Antón Lois Noceda Carballo.
D^a M^a Carmen Silvar Canosa.
D. Manuel López Rodríguez.
D^a Amalia García Balado.
D. Manuel A. Rodríguez Carballeira
D. José Antonio López Rodríguez.
D^a Rita María Couto Seijido.
D. Edgar Antonio Vigo López.
D^a Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín.
D. Manuel Polo Gundín.
D. Gumersindo P. Galego Feal.
D^a Rocio A. Bertou Puente.
D. Juan José Franco Casal.
D^a María Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as once horas do día dezaseis de xuño de dous mil sete reúnen, previamente convocados ao efecto, en cumprimento do establecido no artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral e 37 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais referentes á Constitución das Corporacións Locais e á elección do Alcalde, en primeira convocatoria e sesión pública, os/as Señores/as Concelleiros/as Electos/as nas eleccións celebradas o día vinte e sete de maio de dous mil sete que ao marxe se expresan.

Interventora:

D^a Águeda Bello Valdés

Asiste á sesión, a interventora D^a Águeda Bello Valdés.

Secretaria:

D^a M^a del Pilar Acebes Runao.
Secretaria accidental.

Actúa como Secretaria a Secretaria accidental do Concello, Dona M^a del Pilar Acebes Ruano.

Pola Secretaria accidental do concello declarase aberta a sesión constitutiva, pasando de seguido a dar lectura ás disposicións aplicables á constitución dos Concellos, entre elas as contidas no artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño e 37 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, así como da acta de proclamación de Concelleiros electos formalizada pola Xunta Electoral de Zona de Ferrol, de data 29 de maio de 2007, e na que se contén:

“ Nº DE VOTOS OBTIDOS POR CADA CANDIDATURA/CANDIDATO

CANDIDATURAS/CANDIDATOS	Votos obtidos		Núm. electos
	En letra	En núm.	
TERRA GALEGA	Douscentos oitenta e cinco.	285	
ESQUERDA UNIDA-IZQUIERDA UNIDA	Catrocentos noventa e sete	497	1

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO	Dous mil cento cinco	2.105	5
PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL.	Dous mil oitocentos setenta e oito	2.878	7
PARTIDO POPULAR	Mil novecentos corenta e cinco	1.945	4

De acordo cos resultados reflectidos no presente cadro, promamanse electos/as aos/ás seguintes candidatos/as:

PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL (PSdeG-PSOE)

- | | |
|--------------------------------|--------------------------------------|
| 1 JOSE IVAN PUENTES RIVERA | 2 ANTÓN LOIS NOCEDA CARBALLO |
| 3 MARIA CARMEN SILVAR CANOSA | 4 MANUEL LOPEZ RODRIGUEZ |
| 5 AMALIA GARCÍA BGALADO | 6 MANUEL ANTEL RODRIGUEZ CARBALLEIRA |
| 7 JOSE ANTONIO LOPEZ RODRIGUEZ | |

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- | | |
|----------------------------------|----------------------------|
| 1 JOSE MARÍA RIVERA ARNOSO. | 2 RITA MARÍA COUTO SEIJIDO |
| 3 EDGAR ANTONIO VIGO LÓPEZ | 4 INÉS ROCA REQUEIJO |
| 5 MANUEL VICENTE PICO SANMARTÍN. | |

PARTIDO POPULAR (PP)

- | | |
|--------------------------------|-------------------------------|
| 1 GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL | 2 ROCIO AURORA BERTOIA PUENTE |
| 3 JUAN JOSE FRANCO CASAL | 4 MARÍA PILAR FORNOS CORRAL |

ESQUERDA UNIDA-IZQUIERA UNIDA (EU-IU)

- 1 MANUEL SÁNCHEZ MARTÍNEZ.

A continuación, a Secretaria actuante indica que tódolos Concelleiros/as electos/as da Corporación teñen presentado, aos efectos de cumprimentar o disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e o artigo 30.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de 28 de novembro de 1986, a declaración dos seus bens patrimoniais, así como tamén a referente a causas de posible incompatibilidade e de actividades, na forma que se establece nos mencionados textos legais. Asimesmo fai constar que se cumprimentou o requisito preceptuado no artigo 7 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro. Con data 14 de xuño de 2007, renuncia ao cargo de Concelleiro electo D. Xosé María Rivera Arnoso e por parte da Xunta Electoral coa mesma data do 14 de Xuño emite credencial a favor de D. MANUEL POLO GUNDÍN.

CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

Seguidamente, procédese a constituir a Mesa de idade, integrada polos Concelleiros electos de maior e menor idade presentes no acto, e da que será Secretaria a que a é da Corporación, segundo dispón o artigo 195.2 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño.

Constitúese a Mesa de Idade, integrada por D. Manuel López Rodríguez, Concelleiro electo de maior idade, que pasa a presidi-la sesión, e D. Edgar Antonio Vigo López, como Concelleiro electo de menor idade, actuando como Secretaria a Secretaria accidental da Corporación.

COMPROBACIÓN DAS CREDENCIAIS

De seguido, e estando presentes a totalidade dos dezasete Concelleiros/as electos/as, e téndose presentado con carácter previo á celebración desta sesión na Secretaría do Concello as credenciais dos mesmos, pola Secretaria actuante indícase que coinciden coa Acta de proclamación de electos lida no inicio da presente sesión e coa nova credencial emitida pola Xunta Electoral por renuncia do Concelleiro Electo 1 da lista do Bloque Nacionalista Galego (BNG) Don Xosé María Rivera Arnosó.

XURAMENTO OU PROMESA DO CARGO DE CONCELLEIRO/A E TOMA DE POSESIÓN.

De seguido, e para tomar posesión dos seus cargos, o Presidente da Mesa indica que para dar cumprimento ó disposto no artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, váise proceder ó chamamento polo orde contido na Acta de proclamación de Electos remitida ó Concello pola Xunta Electoral de Zona, dos/as señores/as Concelleiros/as electos/as, que deberán presentarse un por un ante a Mesa de Idade para tomar posesión do cargo, prestando xuramento ou promesa do mesmo baixo a fórmula que establece o Decreto 707/1979, de 5 de abril.

Tódolos Sres. Concelleiros/as Electos, proceden a prestar, persoalmente, xuramento ou promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro/a con lealtade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como Norma Fundamental do Estado da maneira seguinte:

CONCELLEIRO/A ELECTO/A	XURAMENTO OU PROMESA DO CARGO
JOSE IVÁN PUENTES RIVERA	Si, prometo
ANTON LOIS NOCEDA CARBALLO	Si, prometo
MARIA CARMEN SILVAR CANOSA	Si, prometo
MANUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ	Si, prometo
AMALIA GARCÍA BALADO	Si, prometo
MANUEL ANGEL RODRIGUEZ CARBALLEIRA	Si, prometo
JOSE ANTONIO LOPEZ RODRIGUEZ	Si, prometo
RITA MARÍA COUTO SEIJIDO	Si, prometo
EDGAR ANTONIO VIGO LOPEZ	Si, prometo
INES ROCA REQUEIJO	Si, prometo
MANUEL VICENTE PICO SANMARTIN	Si, prometo
MANUEL POLO GUNDÍN	Si, prometo
GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL	Si, prometo
ROCIO AURORA BERTOIA PUENTE	Si, xuro
JUAN JOSE FRANCO CASAL	Si, xuro
MARIA PILAR FORNOS CORRAL	Si, prometo
MANUEL SÁNCHEZ MARTÍNEZ	Si, prometo

CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

Logo de prestar xuramento ou promesa do seu cargo, e tendo asistido dezasete (17) Concelleiros/as, o Sr. Presidente da Mesa de Idade declara legalmente constituída a Corporación Municipal.

ELECCIÓN DE ALCALDE

Seguidamente, pola Secretaria actuante dase lectura ao disposto no artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral, que establece:

“ En la misma sesión de constitución de la Corporación se procede a la elección de Alcalde, de acuerdo con el siguiente procedimiento

- a) Pueden ser candidatos a la elección de Alcalde todos los Concejales que encabezen sus respectivas listas.*
- b) Si alguno de ellos obtiene la mayoría absoluta de los votos de los Concejales es proclamado electo.*
- c) Si ninguno de ellos obtiene dicha mayoría es proclamado Alcalde el Concejale que encabece la lista que haya obtenido mayor número de votos populares en el correspondiente municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo...”*

Pola Mesa de idade pónse en coñecemento dos Corporativos quenes poden ser candidatos a Alcalde e por qué lista electoral, que son os que encabezan as súas respectivas listas electorais:

Polo PSdeG-PSOE: D. Iván Puentes Rivera.
Polo BNG: D^a Rita María Couto Seijido.
Polo PP : D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
Por EU-IU : D. Manuel Sánchez Martínez.

A continuación pola Mesa de Idade se pregunta se algún dos catro candidatos que encabezan a súa lista non se presenta á elección do Alcalde, contestando D. José Iván Puentes Rivera polo PSdeG-PSOE que presenta, D^a Rita María Couto Seijido, polo BNG contesta que non presentan candidato, por Don Gumersindo Pedro Galego Feal polo PP contesta que non presentan candidato e por D. Manuel Sánchez Martínez por EU-IU contesta que non presentan candidato.

En consecuencia, proclámase candidato a Alcalde ao seguinte concelleiro que encabeza a súa respectiva lista electoral:

Polo PsdeG-PSOE: D. Iván Puentes Rivera.

Seguidamente procédese a realizar a votación polos/as Sres/as. Concelleiros/as . Polo Presidente da Mesa de idade propónse aos Corporativos que a forma sexa a votación ordinaria e éstos por unanimidade acordan que a elección a Alcalde se efectúe por votación ordinaria.

Efectuada a votación, e o recuento de votos emitido, obtéñese o seguinte resultado:

NOME DO CANDIDATO

D. JOSE IVÁN PUENTES RIVERA.

Vostos a favor: oito (8)

Votos en contra: ningún.

Abstencións: nove (9).

Á vista do resultado da votación e considerando que D. José Ivan Puentes Rivera é o candidato que encabeza a lista mais votada, a Mesa de Idade o proclama Alcalde, de conformidade có disposto no artigo 196.b) da Lei Orgánica 5/1985, e o Presidente da Mesa de Idade faille entrega do bastón de mando.

XURAMENTO OU PROMESA DO ALCALDE E TOMA DE POSESIÓN

A continuación o Alcalde Electo, Don JOSE IVÁN PUENTES RIVERA, promete cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como Norma Fundamental do Estado, e de seguido pasa a ocupa-la Presidencia da Corporación.

Acto seguido o Alcalde ocupa a Presidencia e intervén dicindo o seguinte:

“Concelleiros e concelleiras, veciños e veciñas, Moi Bos días!

Quero que as miñas primeiras palabras como Alcalde de Fene sexan de agradecemento ós cidadáns e cidadás, ós milleiros que votaron á candidatura do Partido Socialista, pero tamén ós que non o fixeron, porque a vontade de todos eles é que Fene progrese, vontade á que eu, como Alcalde, me entregarei sen descanso dende o primeiro ó último día do presente mandato.

O meu agradecemento tamén para os concelleiros e concelleiras desta corporación que, por riba de diferenzas ideolóxicas e partidarias, apoiaron, co seu voto favorable ou coa súa abstención, a candidatura do PSdeG-PSOE á Alcaldía de Fene.

Creo que tamén é xusto, e así o quero facer, recoñecer neste acto o labor, a entrega e o compromiso dos Alcaldes e das corporacións que tivo Fene dende 1931 ata a actualidade. Entrega e compromiso que a algúns como Ramón Souto, Alcalde de Fene en 1936, lles levaron a dar incluso a súa vida por defender a liberdade e a democracia do noso pobo.

Unha democracia e unha política que se fan máis fortes e máis ricas cada vez que os políticos sabemos estar á altura das circunstancias e cada vez que sabemos mirar máis aló do noso interese partidario. Por iso quero e debo, en nome do pobo de Fene, e á marxe das lóxicas discrepancias políticas, agradecer o traballo e a dedicación a este concello de Xosé María Rivera Arnos e de tódolos concelleiros e concelleiras que o acompañaron no seu labor ó longo dos últimos 28 anos. A todos eles e elas, as miñas máis sinceras grazas!

Hoxe Fene inicia un novo camiño. A composición da actual corporación, resultado da vontade dos veciños e veciñas, expresada nas urnas o pasado 27 de maio, determina que este mandato sexa o mandato do diálogo. Catro anos nos que afortunadamente tódolos grupos políticos estamos abocados a entendernos, a buscar puntos de encontro e a traballar unidos para facer Fene gobernable.

Como Alcalde, porei todo o meu empeño en que todos e todas os membros da corporación municipal sexamos quen de sumar os nosos esforzos, de dialogar e de colaborar para cumprir o desexo de tódolos nosos veciños e veciñas, que non é nin máis nin menos que o desexo de que nos entendamos para solucionar os problemas que lles afectan no seu día a día e para lograr que o noso pobo avance á maior velocidade posible.

Os concelleiros e concelleiras que hoxe tomamos posesión do noso escano imos ter que afrontar importantes retos nos vindeiros catro anos: crear máis emprego en Fene; atraer máis industria, diversificando a nosa economía; levar a tódolos veciños/as que aínda carecen deles os servizos básicos de auga, saneamento ou pavimento e apertura de camiños; sanear a Ría de Ferrol; mellorar as redes de comunicación e de transporte co resto de Ferrolterra e coa Coruña; crear zonas verdes e espazos públicos; abrir Fene ó mar.

Facer políticas específicas para atender ás necesidades dos nosos maiores, da mocidade, das mulleres e das familias con menos recursos; construír moita máis vivenda pública; mellorar a seguridade cidadá; urbanizar sostiblemente o noso pobo, incrementar notablemente a participación cidadá, a implicación diaria dos veciños e veciñas no goberno municipal; estender as novas tecnoloxías...

En definitiva, construír un Fene máis moderno e atractivo; un concello que saiba mirar sempre adiante e planificar o seu futuro, traballando día a día por conseguilo; un pobo que sexa referente en Ferrolterra e no conxunto de Galicia no que a calidade de vida e atención ás demandas dos veciños se refire; un pobo do que todos e todas nos sintamos orgullosos.

Creo que nese punto todos e todas os representantes da cidadanía de Fene nos podemos e nos debemos atopar. Dende hoxe, a miña man está tendida a tódolos grupos políticos deste concello para que dende mañá mesmo nos sentemos e empecemos a falar e a colaborar para facer realidade tódolos retos que temos por diante.

Para que iso sexa así, Fene precisará manter tamén unha relación fluída coas demais administracións e cos restantes concellos de Ferrolterra. Neste traballo porei tamén todo o meu empeño, colaborando cos Alcaldes da comarca, coa Deputación Provincial e cos Gobernos Galego e Español, esixindo firmemente todo aquilo que consideremos necesario para o noso pobo.

Fene non é un concello estanco, illado, senón que comparte problemas e retos co conxunto de pobos de Ferrolterra, problemas e retos, como a industrialización e o emprego, o transporte ou as comunicacións, ós que en moitas ocasións se lles pode atopar unha mellor solución traballando unidos no ámbito comarcal, en lugar de facelo cada quen por separado.

Por iso, dende a Alcaldía de Fene, como capital da banda Sur da Ría de Ferrol, traballarei en primeiro lugar por reactivar a mancomunidade de concellos de Ferrolterra e, en segundo lugar, por impulsar a creación dunha grande área metropolitana, que nos permita compartir e sumar esforzos para transformar a nosa comarca e para transformar o noso concello.

Traballo, moito traballo e diálogo, moito diálogo; estas quero que sexan as señas de identidade do mandato municipal que hoxe comeza.

Son consciente das tremendas expectativas que tódolos veciños e veciñas e tódalas parroquias de Fene teñen depositadas neste período e no novo goberno que nuns días dirixirá o concello. Presenteime ás últimas eleccións convencido de que Fene necesitaba

iniciar unha nova etapa e hoxe dígovos que estou convencido de que non vos imos defraudar.

Moitas grazas! .”

DACCIÓN DE CONTA DO ARQUEO EXTRAORDINARIO REFERIDO ÁS 14:00 HORAS DO DÍA 15 DE XUÑO DE 2007 E DO INVENTARIO DO PATRIMONIO.

Seguidamente por Secretaría, de orde da Presidencia, procédese a dar lectura ao artigo 36.2 do Real decreto 2568/1986 que textualmente di:

“Los Secretarios e Interventores tomarán las medidas precisas para que el día de la constitución de las nuevas Corporaciones Locales se efectúe un arqueo y estén preparados y actualizados los justificantes de las existencias en metálico o valores propios de la Corporación, depositados en la Caja Municipal o entidades bancarias, así como la documentación relativa al inventario del patrimonio de la Corporación y de sus Organismos autónomos.”

Para dar cumprimento ao establecido no precitado artigo, o Sr. Alcalde indica á Sra Interventora e á Sra Secretaria que procedan a dar lectura ao arqueo extraordinario, así como ao informe de Secretaría relativo ao Inventario de bens

Seguidamente intervén a Sra. Interventora e procede a dar lectura ao arqueo extraordinario levado a cabo o 15 de xuño de 2007, e que de seguido se transcribe literalmente:

Arqueo Extraordinario ao peche das operacións do venres 15 de xuño de 2007 ás 14:00, por mor do cambio de Corporación.

EN METÁLICO EN CONTAS CORRENTES		
ENTIDADE	CONTA	SALDO
Caixa Galicia	C/C: 2091.0209.19.3110000012	362048,29
Caixa Galicia	C/C: 2091.0209.16.3040009274	184351,34
Caixa Galicia	C/C: 2091.0209.14.3110000098	57785,62
Caixa Galicia	C/C: 2091.0209.18.3110000067	23665,84
B.C.L.	C/C: 1004.8083.71.0200150326	142244,86
Banco Pastor	C/C: 0072.0135.92.0000101964	1073,36
Banco Pastor	C/C: 0072.0135.94.0000103252	5232,39
Caixanova	C/C: 2080.0213.53.0040000010	7000,10
Caixanova	C/C: 2080.0213.51.0080005245	2183,74
LA CAIXA	C/C: 2100.4736.81.0200018946	3102,39
BBVA	C/C: 0182.5988.58.0201507441	6143,19
BBVA	C/C: 0182.5988.59.0711500073	6012,98
TOTAL METÁLICO		800844,10

EN VALORES	
Existencias en valores (avais bancarios)	518832,33
TOTAL VALORES	518832,33

A continuación, a Sra. Secretaria acctal. procede a dar lectura ao informe de Secretaría de data 13 de xuño de 2007, que transcrito literalmente di:

“INFORME DE SECRETARÍA

Para dar cumprimento ó que dipón o artigo 36.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), emítase o presente iinforme en relación ao Inventario de bens deste Concello:

1.- O artigo 36.2 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dispón que o Secretario tomará as medidas precisas para que o día da constitución das novas Corporacións Locais estea preparada a documentación relativa ó Inventario do patrimonio da Corporación.

2.- Para cumprir coa obriga mencionada, emítase este informe que se basa nas seguintes consideracións:

Primeira - Segundo certificación de Secretaría de data 9 de outubro de 2001, o Pleno da Corporación en sesión de data 4 de outubro de 2001 adoptóu, entre outros, o acordo de prestar aprobación provisional a la documentación relativa ós traballos de catalogación de Inventario municipal de bens presentada polo equipo redactor Tecno Agrícola, S.L., tal e como se recolle na proposta transcrita no mesmo. En dito acordo figura transcrito o seguinte resumo:

	PESETAS (PTAS).	EUROS (€)
1º INMOBLES	1.892.762.277	11.375.730,39
1º INMOBLES VÍAS	1.477.538.628	8.880.186,00
2º DEREITOS	0,00	0,00
3º MOBLES DE VALOR	900.000	5.409,11
4º VALORES	0,00	0,00
6º SEMOVIENTES	0,00	0,00
5º VEHÍCULOS	50.037.465	300.731,22
7º MOBLES	76.339.428	458.809,20
8º BENS REVERTIBLES	164.500.000	988.664,91
VALOR XERAL DO INVENTARIO	PTAS: 3.662.077.798	€ 22.009.530,84

Segunda - Segundo certificación de Secretaría de data 8 de febreiro de 2002, a Corporación Municipal, en sesión ordinaria celebrada en data 7 de febreiro de 2002 adoptóu o acordo de tomar coñecemento da aprobación definitiva do Inventario de bens.

Terceira - Non constan, salvo erro ou omisión, posteriores acordos relativos á actualización do Inventario da Corporación.

Cuarta - Polo que respecta ao documento material, nesta Secretaría atópase un documento que leva por título “Inventario xeral dos bens e dereitos correspondentes a esta Corporación confeccionado con referencia ó 31 de decembro de 1999”. Dito documento consta de oito carpetas encadernadas en anellas e unha encadernada en canutiño que leva por título “Resume do Inventario xeral de bens e dereitos da Corporación municipal de Fene”.

O documento examinado non leva ningunha dilixencia que confirme que foi o obxecto dos acordos plenarios anteriormente citados, nin está autorizado polo Secretario da Corporación

có visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente, tal e como establece o artigo 32.1 do Real decreto 1732/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais e as páxinas que contén non se atopan todas numeradas. Por outra banda compre facer constar que o resume que figura no documento obrante en Secretaría non coincide có resume transcrito no acordo adoptado en data 4 de outubro de 2001.

Polo tanto, dende o punto de vista formal, e sen prexuízo das consideracións, que, no seu caso, poidan facerse verbo do seu contido, cómpre informar que o documento que se atopa nesta Secretaría non ofrece garantías de autenticidade, dada a falta de dilixencia que acredite a súa aprobación e a falta de autorización polo Secretario da Corporación, así como a non coincidencia do seu resume có transcrito na acta da sesión plenaria de data 4 de outubro de 2001.

Por outra banda, como se sinalou, non ten constancia esta Secretaría de que se teñan aprobadas as rectificacións anuais do inventario, polo que o seu contido pode estar desfasado, ao non incorporarse as novas altas, as baixas ou variacións patrimoniais resultado da xestión do Concello ao longo dos anos transcorridos dende a data de referencia do mesmo (31 de decembro de 1999).

Polo exposto, pola que subscribe se informa que o Inventario de bens que obra na Secretaría non constitúe unha base documental fiable polos motivos expostos, nin estar actualizado, polo que se formula a oportuna advertencia e se informa da necesidade de proceder á súa actualización.

É o que expoño neste informe que asino en Fene a trece de xuño de dous mil sete. A secretaria accidental. Asdo. María del Pilar Acebes Ruano."

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día, levantándose de todo elo a presente acta do que eu, Secretaria accidental, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde,

Dou fé.
A secretaria acctal.,

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo. María del Pilar Acebes Ruano.